

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. Indique cal é o significado da palabra “quenda”:**

- A) Tempo en que lle corresponde a unha persoa facer, recibir ou usar algunha cousa, segundo unha repartición previa.
- B) Canle para conducir líquidos.
- C) Abertura irregular nun muro ou parede.
- D) Conxunto de exercicios físicos que se realizan para desentumecer os músculos antes de realizar outro máis forte.

**2. Indique cal é a femia do cabalo:**

- A) A cabaceira.
- B) A angarela.
- C) A iegua.
- D) A egua.

**3. Cal das seguintes árbores dá como froito a mazá?**

- A) A figueira.
- B) A abeleira.
- C) A maceira.
- D) O abruñeiro.

**4. Sinale o sinónimo de “doado”:**

- A) Áureo.
- B) Obediente.
- C) Fácil.
- D) Manco.

**5. “Pasamento” é sinónimo de:**

- A) Falecemento.
- B) Encerellamento.
- C) Fornecemento.
- D) Entenrecemento.

**6. Sinale o plural da palabra “infección”:**

- A) Infeccións.
- B) Infecciós.
- C) Infecciois.
- D) Infecciones.

**7. Sinale cal das seguintes partes do corpo NON se atopa na cabeza dun ser humano:**

- A) Meixela.
- B) Pálpebra.
- C) Orella.
- D) Nocello.

**8. Sinale a tradución correcta en galego da seguinte oración: "El ratón se metió en el agujero".**

- A) O ratón se meteu no burado.
- B) O rato meteuse no buraco.
- C) O ratel metiuse no burado.
- D) O rato metiuse na pucha.

**9. Indique a opción correcta en galego:**

- A) A agua da chouva.
- B) O auga da chovia.
- C) O auga da chuiva.
- D) A auga da chuvia.

**10. Unha gravata é:**

- A) Unha peza de roupa.
- B) Unha parte do corpo humano.
- C) Un animal.
- D) Un instrumento musical.

Preguntas de reserva

**1. Sinale a palabra que corresponde á seguinte definición: "Instrumento de labranza formado por unha pa de ferro por un extremo e un ollo onde se insire o mango no outro, que se usa para cavar".**

- A) Labazada.
- B) Aixada.
- C) Couce.
- D) Mancadela.

**2. Cal dos seguintes substantivos é masculino en galego?**

- A) Paisaxe.
- B) Nariz.
- C) Orixe.
- D) Arte.